



CONCELLOS

FRIOL

Anuncio

EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día catorce de xullo do corrente, prestouse aprobación inicial ao seguinte padróns correspondentes ao segundo trimestre do ano 2021:

- Padrón da taxa polo abastecemento de auga e I.V.E sobre o seu consumo (incluído o canon da auga).
- Padrón da taxa pola recollida do lixo.
- Padrón da taxa polo tratamento e eliminación de residuos.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente, ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago das taxas e canon, indicados previamente, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobados se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no vixente Regulamento Xeral de Recadación e, no artigo 62.3 da Lei Xeral Tributaria, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, o comprendido entre o quince de agosto e o quince de outubro de dous mil vinte e un, ambos inclusive.

Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas, o día un de setembro do actual, data na que deberán ter saldo suficiente.

O resto dos contribuíntes deberán acudir ás Oficinas Municipais, donde se lles facilitarán os correspondentes recibos para efectuar dito pago.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de apremio; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procedéndose a súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, a través do Servizo Provincial de Recadación da Excm. Deputación Provincial de Lugo.

No caso do canon da auga, según dispón o artigo 49.7 do Decreto 136/2012, de 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento de dito canon, cando polos contribuíntes afectados non se fixera efectivo o canon da auga no período voluntario sinalado, esixírase directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia e, así mesmo, faise saber que a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes desde que se entenda producida a notificación mediante o padrón.

Friol, 14 de xullo de 2021.- O ALCALDE, José Ángel Santos Sánchez.

R. 2162

LOURENZÁ

Anuncio

Aprobado por Resolución da Alcaldía de data 13/07/21 o Padrón da Taxa de Recollida de Residuos Sólidos Urbanos correspondente ao segundo trimestre de 2021, expónse ao público na Secretaría do Concello por prazo de quince días a efectos de exame e reclamacións, quedando elevada a definitiva dita aprobación no caso de que non se presentaran reclamacións. Establécese como período de cobro en voluntaria do 2 ó 20 de agosto do 2021.

Lourenzá, 13 de xullo do 2021.- A ALCALDESA, Rocío López García.

R. 2163

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

A Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria celebrada o día 5 de xullo do 2021, prestou aprobación a modificación das bases e convocatoria para a CONCESIÓN DE SUBVENCIONS PARA A REHABILITACIÓN DE EDIFICIOS E VIVENDAS NA ÁREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL NO MARCO DO ACORDO DA COMISIÓN BILATERAL CELEBRADA O 29 DE OUTUBRO DE 2020, RELATIVO Á ÁREA DE REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANA DO CONXUNTO HISTÓRICO E ZONAS DE RESPECTO DE MONFORTE DE LEMOS (LUGO) 12ª FASE, NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA. PLAN ESTATAL DE VIVENDA 2018 - 2021", modificación entre os puntos do artigo 6 os seguintes:

- Vivenda con compromiso de aluguer por un mínimo de 5 anos (15 puntos)
- Residencia habitual ou permanente do promotor por un mínimo de 5 anos (20 puntos)

Pasando a substituílos por:

- Residencia habitual dun determinado inquilino por un mínimo de 5 anos (ata 15 puntos)
- Residencia habitual ou permanente do promotor por un mínimo de 5 anos (ata 20 puntos)

Monforte de Lemos, 14 de xullo de 2021.- O Alcalde, José Tomé Roca.

R. 2164

Anuncio

INFORMACIÓN PREVIA Á OCUPACIÓN DE BENS E DEREITOS PARA EXPROPIACIÓN FORZOSA

OBRA: MONFORTE DE LEMOS.- "REGULARIZACIÓN DA OCUPACIÓN DOS TERREOS CON INSTALACIONS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE MONFORTE. MIRADOR DO DUQUE".

Cumprido o acordo adoptado pola Xunta de Goberno deste Concello de data 28 de xuño de 2021 e aos efectos previstos no artigo nº 18 da vixente Lei de expropiación forzosa de 16 de decembro de 1954 e máis nos nº 17 e 18 do seu regulamento, sométese a información pública a relación individualizada de bens, dereitos e propietarios, afectados pola realización da obra mais arriba meritada, para que, nun prazo de 15 días hábiles, contados desde o seguinte á última publicación do presente Edicto, poidan presentarse cantas alegacións ou rectificacións se consideren oportunas ao abeiro do establecido nos artigos mais arriba concretados.

Nº	Ref. catastral	Titular/es	Domicilio	Tipo Solo	Destino do solo	Sup. Exp. (m²)	Outros bens afectados	Cantidade
1	Monforte de Lemos Pol.- 161 Parc.- 8	Mvmc De San Pedro De Baños E Palleiros	Lg Palleiros Monforte De Lemos	Rural	Monte Alto	480.696		

Monforte de Lemos, 14 de xullo de 2021.- O Alcalde, José Tomé Roca.

R. 2165

Anuncio

INFORMACIÓN PREVIA Á OCUPACIÓN DE BENS E DEREITOS PARA EXPROPIACIÓN FORZOSA

OBRA: MONFORTE DE LEMOS. "REGULARIZACIÓN DA OCUPACIÓN DOS TERREOS CON INSTALACIÓNS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS.- DEPÓSITOS DE CORNADO E INSTALACIÓNS COMPLEMENTARIAS".

Cumprido o acordo adoptado pola Xunta de Goberno deste Concello de data 28 de xuño de 2021 e aos efectos previstos no artigo nº 18 da vixente Lei de expropiación forzosa de 16 de decembro de 1954 e máis nos nº 17 e 18 do seu regulamento, sométese a información pública a relación individualizada de bens, dereitos e propietarios, afectados pola realización da obra mais arriba mencionada, para que, nun prazo de 15 días hábiles, contados desde o seguinte á última publicación do presente Edicto, poidan presentarse cantas alegacións ou rectificacións se consideren oportunas ao abeiro do establecido nos artigos mais arriba concretados.

Nº	Ref. catastral	Titular/es	Domicilio	Tipo Solo	Destino do solo	Sup. Exp. (m²)	Outros bens afectados	Cantidade
1	Monforte de Lemos Pol.- 33 Parc.- 89	Monte Veciñal En Man Comun De Reigada	Lg Reigada Monforte De Lemos	Rural	Monte Alto	252		
2	Monforte de Lemos Pol.- 33 Parc.- 473	Isabel Casanova González	Rua Ferrocarril 35 Monforte De Lemos	Rural	Monte Alto	155		
3	Monforte de Lemos Pol.- 33 Parc.- 474	Descoñecido	Rua Teatro 4 Lugo	Rural	Monte Alto	402		
4	Monforte de Lemos Pol.- 33 Parc.- 478	Herdeiros De María Luz Vila Rodríguez	Cl Erin 9 Lugo	Rural	Monte Alto	95		
5	Monforte de Lemos Pol.- 33 Parc.- 479	Mercedes Quiroga Martinez	Rua Calvo Sotelo 6 2ºy Sarria	Rural	Monte Alto	195		
6	Monforte de Lemos Pol.- 33 Parc.- 480	Herdeiros De Amalia Rodríguez Pardo	Lg Rivasaltas 6 Monforte De Lemos	Rural	Monte Alto	59		
7	Monforte de Lemos Pol.- 33 Parc.- 481	Herdeiros De Amador Álvarez Pérez	Lg Espido-rivasaltas 39 Monforte De Lemos	Rural	Monte Alto	60		
8	Monforte de Lemos Pol.- 33 Parc.- 482	Herdeiros De David Lamas Álvarez	Cl Doutor Casares 46 Monforte De Lemos	Rural	Monte Alto	100		
9	Monforte de Lemos Pol.- 33 Parc.- 483	Herdeiros De Matilde Castro Martinez	Cl Santa Clara 186 Monforte De Lemos	Rural	Monte Alto	325		
10	Monforte de Lemos Pol.- 33 Parc.- 484	Herdeiros De José Varela González	Cl Miguel De Cervantes 18 2ª Lugo	Rural	Monte Alto	960		

11	Monforte de Lemos Pol.- 33 Parc.- 491	Luís Casanova González	Rua Das Lagoas 5 Es 1 4ºb Ourense	Rural	Monte Alto	36		
12	Monforte de Lemos Pol.- 33 Parc.- 782	Monte Veciñal En Man Común Cornado E San Roque	Lg Rivasaltas Monforte De Lemos	Rural	Monte Alto	15.398		
13	Monforte de Lemos Pol.- 300 Parc.- 0	Concello De Monforte De Lemos	Pz Campo De San Antonio Monforte De Lemos	Rural	Monte Alto	1.656		

Monforte de Lemos, 14 de xullo de 2021.- O Alcalde, José Tomé Roca.

R. 2166

POL

Anuncio

APROBACIÓN PROVISIONAL

SUMARIO

Acordo do Pleno do Concello de Pol polo que se aproba provisionalmente a modificación das Ordenanzas fiscais que máis abaixo se detallan.

TEXTO

O Pleno deste Concello, en sesión extraordinaria celebrada o día 9 de xullo de 2021, acordou a aprobación provisional da modificación das seguintes Ordenanzas fiscais reguladoras de:

- Taxa pola prestación do servizo de abastecemento de auga.
- Taxa por tendidos, tubaxes e galerías para a condución de enerxía eléctrica, auga, gas ou calquera outro fluído, incluídos os postes para liñas, cables, palomillas, etc. sobre a vía pública.
- Taxa por prestación dos servizos de rede de sumidoiros.
- Taxa por outorgamento de licenzas e autorizacións administrativas de autotaxis e demais vehículos de aluguer.
- Taxa pola prestación do servizo de tanatorio municipal.
- Taxa pola prestación do servizo de recollida do lixo domiciliario.
- Taxa por expedición de documentos administrativos e dereitos de exame.
- Taxa por licenzas de apertura de establecementos.
- Taxa do Punto de Atención á Infancia.
- Imposto sobre vehículos de tracción mecánica.

E en cumprimento do disposto no artigo 17.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, sométese o expediente a información pública polo prazo de trinta días a contar desde o día seguinte da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Durante o devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes. Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello <http://concellopol.sedelectronica.gal>.

Se transcrido devandito prazo non se presentaron reclamacións, considerarase aprobado definitivamente o devandito acordo.

Pol, 3 de xullo de 2021.- O Alcalde, Lino Rodríguez Ónega.

R. 2167

A PONTENOVA

Anuncio

LISTAXE DE CONTRIBUÍNTES POR APLICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) E DA ESCOLA DE MÚSICA DE XUÑO 2021.

Por Resolución de alcaldía de nove de xullo de 2021 respectivamente, resólvese prestar aprobación das devanditas listaxes que estarán expostas nas oficinas municipais en horario de 9:00 a 14:00 horas; durante o prazo de 15 días contados a partir do seguinte ao da súa publicación no BOP de Lugo, para os efectos de que poida ser examinada e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, entendéndose definitivamente aprobada se transcurrido o devandito prazo non se formularan suxestións contra ésta.

Contra as liquidacións comprendidas na listaxe de contribuíntes poderase formular recurso de reposición, anterior o contencioso-administrativo, perante a alcaldía no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da finalización da exposición pública da listaxe.-

Así mesmo, acórdase a apertura do prazo de recadación en período voluntario que será segundo o seguinte detalle:

A) Prazo de ingreso en período voluntario do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar : **dende o 8 de agosto de 2021 ao 11 de outubro de 2021**, ámbolos dous inclusive.

B) Prazo de ingreso en período voluntario do prezo público do Servizo da Escola de Música: **dende o 8 de agosto de 2021 ao 11 de outubro de 2021**, ámbolos dous inclusive.

C) Os recibos, non domiciliados, poderanse facer efectivos na conta bancaria **ES78-2080-0137-41-3110000025** que este Concello ten aberta na oficina de **ABANCA**, sucursal de **A Pontenova**.

Transcurrido o prazo de ingreso voluntario, sen que se efectuaran os pagamentos correspondentes, e unha vez rematado este, os recibos pendentes pasarán ó cobro pola vía executiva de constrinximento.

Decreta, manda e asina o señor alcalde, na Pontenova a 13 de xullo de dous mil vinte e un.

A Pontenova, 13 de xullo de 2021.- O alcalde, Darío Campos Conde.

R. 2168

QUIROGA

Anuncio

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 18 de xuño de 2021, adoptou o seguinte acordo:

1º Prestarlle aprobación ao Padrón de Auga, lixo e ecotaxa correspondente ao segundo trimestre do exercicio de 2.021.

2º Que se expoña ao público polo prazo de quince días a efectos de exame e reclamacións, mediante a inserción de edicto no Boletín Oficial da Provincia, e mediante anuncio no taboleiro de edictos no Concello conforme ao establecido na Lei Xeral Tributaria e na ordenanza fiscal reguladora.

3º Que se poña ao cobro nos termos do artigo 62.2 da Lei 58/2003: se a notificación da liquidación se realiza entre os días 1 e 15 de cada mes dende a data de recepción da notificación ata o día vinte do mes posterior ou si este non fose hábil ata o inmediato hábil seguintes; si a notificación da liquidación se realiza entre os días 16 e último de cada mes dende a data de recepción da notificación ata o día 5 do segundo mes posterior ou si este non fose hábil ata o inmediato hábil seguinte en período voluntario. A partir da devandita data pasará á recadación executiva co conseguinte recargo de prema e demais custos derivados da execución forzosa.

4º A falta de pago no período voluntario sinalado suporá a existencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

5º A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

Quiroga, 5 de xullo 2021.- O Tenente de alcalde, Jose angel Rodríguez Raposo.

R. 2169